

DOMINGO 6 DA PASCUA CICLO A

PRIMEIRA Feit 8, 5-8. 14-17

Impuxéronlles as mans e recibían o Espírito Santo

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Felipe baixou á cidade de Samaría e predicoulles o Mesías. O pobo, dun acordo, atendía ao que dicía Felipe, sentindo e vendo os sinais que facía; pois de moitos posuídos saían espíritos impuros a berros, e moitos paralíticos e coxos quedaban curados. A cidade encheuse de alegría.

Ao sentiren dicir os apóstolos, que estaban en Xerusalén, que Samaría acollera a palabra de Deus, mandáronlles a Pedro e a Xoán. Baixaron logo alí, e oraron polos samaritanos, para que recibisen o Espírito Santo, pois aínda non baixara sobre ningún deles: só os bautizaran no nome do Señor Xesús. Entón, fóronlles impondo as mans e recibiron o Espírito Santo.

SALMO RESP. Sal 65, 1-3a. 4-5. 6-7a. 16 e 20

R/ (1): Aclama a Deus, terra enteira,

Aclama a Deus, terra enteira,
canta a gloria do seu nome;
réndelle o honor da louvanza,
dille: ¡Que sorprendentes son as túas obras!

próstrase a terra toda ante ti
e canta salmos ao teu nome.
Vinde e vede as obras do Señor,
os seus sorprendentes feitos entre os homes.

El mudou o mar en terra seca
e pasaron o río a pé:
felicitémonos por iso.
Co seu poder domina o mundo,

Vide os que temedes o Señor,
e contareivos o que El fixo por min.
Bendito sexa Deus,
que non desbotou a miña súplica
nin afastou de min o seu amor.

SEGUNDA 1 Pe 3, 15-18

Mortal na carne, pero vivificado no espírito

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PRIMEIRA CARTA DE SAN PEDRO APÓSTOLO

Benqueridos irmáns e irmás:

Adorade a Cristo coma Señor, estade sempre dispostos a responder a todo aquel que vos pida razón da esperanza que levades dentro. Pero responde con bo xeito e con respecto; tede a conciencia limpa, de xeito que os que desprezan o voso bo comportamento cristián, se vexan confundidos naquilo mesmo de que vos calumnien. Pois sempre sería mellor sufrir, se tal fose a vontade de Deus, por facerdes o ben, que por facerdes o mal.

Tamén Cristo morreu unha vez polos vosos pecados,
o xusto polos pecadores, para vos achegar a Deus;
sufriu a morte na carne, pero recibiu vida no espírito.

ALELUIA Xn 14, 23

Quen me ama, cumprirá a miña palabra, di o Señor; e o meu Pai amarao e viremos a el

DOMINGO 6 DA PASCUA CICLO A

EVANXEO Xn 14, 15-21

Pedireillo a meu Pai e daravos outro Paráclito

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela díxolles Xesús aos seus discípulos:

Se me amades, gardaredes os meus mandamentos, e eu rogareille ao Pai, e daravos outro Paráclito para que decote estea convosco: o Espírito da Verdade. O mundo non o pode acoller, pois non o ve nin o coñece; mais vós coñecédelo, pois permanece onda vós e está en vós. Non vos deixarei orfos; logo volvo onda vós. Un pouquiño máis e o mundo xa non me verá; pero vós habédesme ver, que eu vivo e tamén vós habedes vivir. Naquel día coñeceredes que eu estou en meu Pai, e vós en min, e eu en vós. Quen ten os meus mandamentos e os garda, ese áname; o que me ama será amado por meu Pai, e eu amareino e manifestareime a el.